

EXTRACTO DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA SESION DO 15 DE SETEMBRO DE 2014

Presidente Accidental:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

Concelleiros:

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Ausentes:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA N° 37 e 38 DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 1 E 8 DE SETEMBRO DE 2014.

Dáse conta dos borradores das actas núms. 37/2014 e 38/2014 correspondentes ás sesións celebradas polas Xuntas de Goberno Local os días 1 e 8 de setembro de 2014.

Non habendo alegacións ás mesmas, **por unanimidade dos asistentes, acordouse** aprobar as mesmas e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

2.1.- Acordouse conceder licenza de obra para A INSTALACIÓN DE SUBMINISTRO ELÉCTRICO NA RÚA DA HABANA DE LALÍN.

2.2.- Acordouse conceder licenza de obra para “LMT CT CANGAS (SGD 534307070005)” expte. 7090/13.

2.3.- Acordouse conceder licenza de obra para REFORMA DE OFICINA BANCARIA NA R/ DA PONTE, 4 LALÍN, Expte. 7524/14.

2.4.- Acordouse conceder licenza de obra para REFORMA DUN LOCAL COMERCIAL PARA ADICALO A XOIERÍA NA RÚA OBSERVATORIO, 1, LALÍN, exp. 7398/14.

3.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E COMUNICACIÓN PREVIA ACTIVIDADE.

3.1.- Acordouse conceder LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE CONSISTENTE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE OFICINAS DO ORAL NA PRAZA DA DE GALICIA, 1, DE LALÍN, exp. 7423/14.

4.- INFORMES PREVIOS.

4.1.- Acordouse aprobar o informe técnico para a reconstrución dun muíño no lugar de Prado, Lalín.

4.2.- Acordouse aprobar o informe técnico para obras de restauración de cuberta en Eirexe, 11 – Donsión – Lalín, **exp. 7631/14.**

5.- ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.

5.1.- Acordouse aprobar as altas en auga e saneamento presentadas pola empresa Concesionaria.

6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

6.1.- Acordouse adxudicarlle a concesión do local vacante no Lalín Arena para adicalo á actividade de ASESORAMENTO DIETÉTICO por un prazo de 2 anos prorrogables por 2 anos máis.

7.- FACTURAS E CONTAS.

7.1.- Acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe de 117,058,62 euros.

8.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

8.1.- Acordouse conceder licenza para a actividade consistente en actuacións musicais, festa gastronómica, etc., a celebrar en Lalín os días 19, 20, 21, 22 e 23 de setembro de 2014.

8.2.- Acordouse o outorgamento das subvencións para actividades a desenvolver polas asociacións de mulleres durante o ano 2014.

8.3.- Acordouse aprobar as bases para a selección do seguinte persoal laboral temporal: un técnico/a instructor de fitness e actividades dirixidas e un recepcionista para as instalacións do CDM Lalín-Arena.

8.4.- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN AGOSTO 2014 DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA.

8.5.- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN AGOSTO 2014 DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA.

8.6.- Acordouse aprobar as bases reguladoras do programa de bonificación para uso de transporte para cursar ciclos formativos de grao superior para o curso 2014 – 2015.

8.7.- Acordouse:

Primeiro.- Conceder bonificacións aos/ás beneficiarios/as que se reflicten no informe de avaliación V que se acompaña á proposta.

Segundo.- Denegar a concesión de bonificacións aos/ás beneficiarios/as que se reflicte no informe de avaliación VI que se acompaña á proposta.

8.8.- Acordouse aprobar a alta na taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espéctáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica.

8.9.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 20.999,88 € (IVE incluído), cun custo sen IVE de 17.355,27 €, con destino á

contratación do subministro de material de carpintería para desenvolvemento das prácticas formativas do curso “*Instalación de elementos de carpintería*” (AFD 2014/2797).

9.- CORRECCIÓN DE ERROS.

9.1.- Acordouse corrixir o erro na fórmula de valoración de melloras contida na Cláusula 15 do PCAP correspondente á obra denominada “*Rehabilitación da antiga Casa do Concello de Lalín*” CO042014.

9.2.- Acordouse corrixir o erro na acta do *Xº Premio de Pintura Escolar “Mestre Laxeiro”*.

9.3.- Acordouse corrixir o erro na sesión celebrada o día 7 de xullo de 2014, no punto 9.7. Solicitudes de venda ambulante para o ano 2014.

9.4.- Acordouse corrixir o erro no informe de avaliación e por tanto na proposta de resolución das solicitudes presentadas ao amparo do programa de transporte universitario e do proceso de concesión das bonificacións para uso do mesmo durante o curso académico 2014/2015.

10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

10.1.- Acordouse conceder autorización municipal para a celebración do Iº Slalom Virxe das Dores, e corte da estrada da zona do Agro de Lalín de Arriba, tal como ven no croquis do regulamento para o día 20 de setembro de 2014.
